

DECLARACIÓN DE FRIBURGO (9/10/2002)*

Realizada por IGUMED (Asociación Interdisciplinar para a Medicina Comunitaria) Bergsestrasse 57. 79713 Bad Säckingen (Alemania). Teléfono: 07761 913490 / Fax: 07761 913491 / Correo electrónico: igumed@gmx.de / Web: www.igumed.de

Como médicos en exercicio de tódalas especialidades, en particular da Medicina Comunitaria, e seriamente preocupados pola saúde da poboación, dirixímonos aos colegas, aos responsábeis da sanidade e da política, así como á opinión pública.

Nos últimos anos, observamos entre os nosos pacientes un dramático aumento de enfermidades graves e crónicas, en particular:

- ▶ Trastornos na capacidade de aprender, de concentrarse e do comportamento nos nenos (por exemplo, hiperactividade).
- ▶ Descontrol da presión arterial, que cada vez resulta máis difícil de tratar con medicamentos.
- ▶ Trastornos no ritmo cardíaco.
- ▶ Infartos e apoplexías en persoas cada vez máis novas.
- ▶ Enfermidades cerebrais dexenerativas (por exemplo Alzheimer) e epilepsia.
- ▶ Cancros como leucemia e tumores cerebrais.

Observamos, ademais, a aparición cada vez máis frecuente de diversos trastornos que a miúdo se diagnostican erroneamente como psicossomáticos. Limitándonos aos síntomas máis frecuentes, mencionaremos:

- ▶ Dolores de cabeza e migrañas.
- ▶ Cansazo crónico.
- ▶ Inquietude interna.
- ▶ Insomnio e cansazo diúrno.
- ▶ Zunidos nos oídos.
- ▶ Inmunodeficiencias.
- ▶ Dolores neurolóxicos e de tecidos brandos que non resultan explicables polas causas habituais.

Como xeralmente coñecemos a contorna na que viven e os costumes dos nosos pacientes, vemos con frecuencia crecente, sobre todo tras interrogarles intencionadamente, unha clara relación temporal e espacial entre a aparición destas doenzas e o comezo dunha irradiación de microondas que se presentan de diversas formas:

- ▶ Instalación de antenas de telefonía móbil na proximidade dos pacientes.

- ▶ **Uso intensivo de teléfonos móviles.**
- ▶ **Adquisición dun teléfono inalámbrico para usalo na casa ou na veciñanza.**

Xa non podemos crer nunha coincidencia puramente casual, debida ao azar, pois:

- ▶ **Con demasiada frecuencia observamos unha rechamante concentración de determinadas enfermidades en zonas ou edificios irradiados con microondas.**
- ▶ **Con demasiada frecuencia mellora a enfermidade ou desaparecen as doenzas que se prolongaban meses e ata anos, ao pouco tempo logo de reducir ou eliminar a irradiación con microondas.**
- ▶ **Con demasiada frecuencia confírmanse as nosas observacións coas medicións de campos electromagnéticos realizadas in situ.**

Apoiándonos na nosa experiencia cotiá consideramos que a tecnoloxía da telefonía móbil introducida en 1992 e que xa cobre case todo o territorio, así como os teléfonos inalámbricos (Norma DECT) que se poden comprar desde 1995, son un dos desencadenamentos esenciais deste fatal desenvolvemento. Xa ninguén se pode librar do todo das microondas pulsátiles. Estas incrementan o risco da acción de factores químicos e físicos xa existentes no medio ambiente, sobrecargan adicionalmente o sistema inmunolóxico e poden acabar cos mecanismos de regulación que ata agora facían de contrapeso. Especialmente ameazados atópanse as embarazadas, os nenos, os adolescentes e as persoas maiores e enfermas.

Os nosos esforzos terapéuticos para restablecer a saúde son cada vez máis infrutuosos. Pois a libre e continua penetración das radiacións en lugares de residencia e traballo, especialmente en dormitorios e habitacións de nenos, que consideramos lugares extraordinariamente importantes para relaxarse, rexenerarse e curarse, causa tensión ininterrompida e impide unha recuperación sólida do enfermo.

Á vista deste inquietante proceso consideramos o noso deber comunicar á opinión pública as nosas observacións, sobre todo logo de oír que os tribunais alemáns consideran como puramente hipotética a posibilidade de que a telefonía móbil cause danos á saúde (véxanse as sentenzas da primavera do 2002 do Tribunal Constitucional de Karlsruhe e do Tribunal Administrativo de Mannheim).

O que na nosa práctica cotiá presenciamos dista de ser hipotético! Consideramos o número crecente de enfermos crónicos tamén como unha consecuencia dunha política irresponsable de fixación de límites, que, no canto de protexer á poboación dos efectos a curto e longo prazo, sométese aos ditados dunha tecnoloxía de cuxa perigo xa ter suficiente constancia. Para nós trátase do comezo dun proceso moi serio que ameaza a saúde de moitas persoas.

Xa non esperamos nada de novos e irrealis resultados da investigación, que segundo nos mostra a experiencia están influenciados reiteradamente pola industria, mentres se ignoran estudos con forza probatoria. Consideramos apremante e necesario actuar xa!

Como médicos somos sobre todo os avogados defensores dos nosos pacientes. En interese de tódolos afectados, cuxo dereito fundamental á vida e á integridade física están agora en xogo, diriximos este chamamento aos responsables políticos e sanitarios para que apoiem con toda a súa influencia as nosas reivindicacións:

- ▶ **Novas técnicas de comunicación compatibles coa saúde e valoración independentes dos seus riscos, especialmente ante da súa introdución.**

► E como medidas inmediatas de transición:

- **Redución masiva dos límites, das potencias de emisión e da irradiación por microondas ata valores biolóxicamente defendíbeis, sobre todo en dormitorios e lugares onde un se recupera.**
- **Conxelar o desenvolvemento da tecnoloxía actual da telefonía móbil, para que a irradiación que xa se padece non se multiplique.**
- **Dereito da poboación e dos municipios a participar na colocación das antenas, cousa que debese darse por suposta nunha democracia.**
- **Informar á poboación e sobre todo aos usuarios de teléfonos móbiles, dos riscos sanitarios dos campos electromagnéticos para que os usen sabendo o que fan e prohibición dos móbiles para nenos e limitación do uso para adolescentes.**
- **Prohibición do uso de móbiles e de teléfonos inalámbricos (DECT) en garderías, colexios, hospitais, residencias de anciáns, actos públicos, edificios públicos e transportes públicos de xeito análogo ao que se fixo co tabaco.**
- **Zonas libres de móbiles e de antenas, análogas ás zonas peonís ou libres de coches.**
- **Reelaboración das normas DECT para teléfonos inalámbricos co fin de reducir a intensidade de irradiación e limitala ao tempo real de uso, evitando a pulsación que é o crítico desde un punto de vista biolóxico.**
- **Investigación independente da industria que considere por fin os abondosos resultados de investigadores críticos e as nosas propias observacións médicas.**

Os primeiros asinantes:

- Dr. med. Thomas Allgaier, médico xeral, medicina comunitaria. Heitersheim
- Dr. med. Christine Aschermann, neurólogo, psicoterapeuta. Leutkirch.
- Dr. med. Waltraud Ba r, Médico Xeral, naturista, medicina comunitaria. Wiesloch.
- Dr. med. Wolf Bergmann, médico xeral, homeópata. Friburgo.
- Dr. med. H. Bernhardt, pediatra. Schauenburg.
- Dr. Karl Braun von Gladiü, médico xeral, medicina holística. Teufen.
- Hans Bruggen, médico internista, neumoloxía, medicina comunitaria, alergólogo. Deggendorf.
- Dr. med. Christa-Johanna Bub-Jachens, médico xeral, naturista. Stiefenhofen.
- Dr. med. Arndt Dohmen, médico internista. Bad Säckingen.
- Barbara Dohmen, médico xeral, medicina comunitaria. Bad Säckingen.
- Verena Ehret, médico xeral. Kotzting.
- Dr. med. Joachim Engels, médico internista, homeópata. Friburgo.
- Karl-Rainer Fabig, médico xeral
- Dr. med. Gerhilde Gabriel, médico xeral. Múnich.
- Dr. med. Karl Geck, psicoterapeuta. Murg.
- Dr. med. Jan Gerhard, pediatra, psiquiatría da infancia e da adolescencia. Ahrensburg.
- Dr. med. Peter Germann, médico xeral, medicina comunitaria, homeópata. Worms.
- Dr. med. Gertrud Grüenthal, médico xeral, medicina comunitaria. Bann.
- Dr. med. Michael Gulich, médico xeral. Schopfheim.
- Julia Gunter, psicoterapeuta. Korbach.
- Dr. med. Wolfgang Haas, médico internista. Dreieich.
- Dr. med. Karl Haberstig, médico xeral, psicoterapeuta, medicina psicosomática. Inner-Urberg.

- Prof. Dr. med. Karl Hecht, especialista en tensión, sono e medicina espacial. Berlín.
- Dr. med. Bettina Hovels, médico xeral. Lorrach.
- Walter Hofmann, psicoterapeuta. Singen.
- Dr. med. Rolf Janzen, pediatra. Waldshut-Tiengen.
- Dr. med. Peter Jaenecke, odontólogo. Ulm.
- Michaela Kammerer, doctora. Murg.
- Dr. med. Michael Lefknecht, médico xeral, medicina comunitaria. Duisburg.
- Dr. med. Volker zur Linden, médico internista. Bajamar.
- Dr. med. Dagmar Marten, doctor. Ochsenfurt.
- Dr. med. Rudolf Mraz, psicoterapeuta, naturista. Stiefenhofen.
- Dr. med. Otto Pusch, medicina nuclear. Bad Wildungen.
- Dr. med. Josef Rabenbauer, psicoterapeuta. Friburgo.
- Elisabeth Radloff-Geck, doctora, psicoterapeuta, Homeópata. Murg.
- Dr. med. Anton Radlspeck, médico xeral, naturista. Aholming.
- Barbara Rautenberg, médico xeral, medicina comunitaria. Kotzing.
- Dr. med. Hans-Dieter Reimus, odontólogo. Oldenburg.
- Dr. med. Ursula Reinhardt, médico xeral. Bruchkobel.
- Dr. med. Dietrich Reinhardt, médico internista. Bruchkobel.
- Dr. med. Andreas Roche, médico xeral. Kaiserslautern.
- Dr. med. Bernd Salfner, Pediatra, Alergólogo. Waldshut-Tiengen.
- Dr. med. Claus Scheingraber, odontólogo. Múnich.
- Dr. med. Bernd Maria Schlamann, odontóloga, naturista. Ahaus-Wessum.
- Dr. med. Hildegard Schuster, psicoterapeuta. Lorrach.
- Norbert Walter, médico xeral, naturista. Bad Säckingen.
- Dr. med. Rosemarie Wedig, doctor, psicoterapeuta, homeópata. Dusseldorf.
- Dr. med. Gunter Theiss, Médico Xeral. Frankfurt.
- Prof. Dr. med. Otmar Wassermann, toxicólogo. Schonkirchen.
- Prof. Dr. med. H.-J. Wilhelm, otorrinolaringólogo, foniatra. Frankfurt.
- Dr. med. Barbara Wurschnitzer-Hunig, dermatólogo, alergólogo, medicina comunitaria. Kempten.
- Dr. med. Ingo Frithjof Zurn, médico xeral, medicina cardiovascular, naturista, medicina comunitaria. Nordrach.

Primeira Lista de adherentes á DECLARACIÓN DE FRIBURGO:

- Dr. med. Wolfgang Baur, médico xeral, psicoterapeuta, medicina comunitaria, Vienenburg.
- Prof. Dr. Klaus Buchner, físico, Múnich
- Volker Hartenstein, membro do Länder de Baviera. Ochsenfurt.
- Maria und Bruno Hennek, *Grupo de Autoaxuda de Vítimas dos Produtos Químicos e de Tratamento da Madeira*, Wurzburg.
- Dr. Lebrecht von Klitzing, medicina física, Stokelsdorf
- Wolfgang Maes, bioloxía do habitat e análise ambiental. Neu.
- Helmut Merkel, 1º presidente da *Asociación da Bioloxía do Habitat*. Bonn.
- Peter Neuhold, naturista, Berlín
- Prof. Dr. Anton Schneider, científico, director do Instituto de Bioloxía e Ecoloxía. Neuubeuern
- Dr. Birgit Stöcker, *Asociación de Autoaxuda de Persoas Electrosensibles*, Múnich
- Prof. Dr. Alfred G. Swierk. Mainz
- Dr. Ulrich Warnke, biofísica, biopsicología, biomedicina, Saarbrücken.

* Versión galega da APDR. Versión orixinal da IGUMED en alemán:
http://www.igumed.de/images/fa_1_03.pdf